

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**ASUNTO: CHAMAMENTO PARA CUBRIR TEMPORALMENTE A PRAZA DE ADMINISTRATIVO DE REXISTRO**

**Nº EXPEDIENTE: 2020/G003/000074**

**Nº EXPEDIENTE ORIXE: 2020/X998/000015**

TENDO EN CONTA que se detectou a necesidade urxente e inaprazable de cubrir temporalmente a praza da funcionaria, de carreira dona Ana M<sup>a</sup> Carnota Jarazo, pertencente á Escala de Administración Especial, subescala administrativa, posto de administrativo, encargado do negociado de rexistro, información e atención cidadá do Concello de Oroso, ata que se incorpore da súa baixa médica, e a imposibilidade de suplir a deficiencia temporal co escaso persoal existente no Concello.

LOGO DE VER a Providencia de Alcaldía do 14.01.2020 na que se pon de manifesto a necesidade urxente e inaprazable de cubrir de xeito temporal, como funcionario interino a praza de administrativo/a encargado do negociado de rexistro, información e atención cidadá do Concello de Oroso

E DE VER o o certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente emitido polo Interventor con data 15.01.2020.

LOGO DE VER a Resolución de alcaldía nº 855/2018 do 17/08/2018 pola que se acorda aprobar, de conformidade co previsto na base 13<sup>a</sup> das bases de selección que rexerán a convocatoria para a selección dun funcionario interino do Grupo C, subgrupo C1, Escala de Administración Xeral, Subescala de Administrativo para o programa temporal “Oroso Dixital 2018 – 2020”, a creación dunha bolsa de emprego formada pola lista de aspirantes que logo de superar as probas da fase de oposición non obtiveron praza, ordenados de maior a menor puntuación, incluíndose no primeiro posto o aspirante nomeado no presente proceso selectivo e co seguinte contido e orde:

POSICIÓN	NOME	APELIDOS
1 <sup>a</sup>	MANUELA	VARELA NUÑEL
2 <sup>a</sup>	MARÍA	FERNÁNDEZ BOUZAS
3 <sup>a</sup>	ANA	CALVO LÓPEZ
4 <sup>a</sup>	MARIÑA	POSE GARCÍA
5 <sup>a</sup>	ZITA	LÓPEZ TEIJEIRO

CONSIDERANDO que pola mesma Resolución de Alcaldía nº 855/2018 do 17/08/2018, Manuela Varela Nuñel foi nomeada funcionaria interina de Administración Local, con carácter temporal para cubrir unha praza do Grupo C, subgrupo C1, Escala de Administración Xeral, Subescala de Administrativo para o programa temporal “Oroso Dixital 2018 – 2020.

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concelloroso.com

[www.orosos.es](http://www.orosos.es) | [www.concelloroso.com](http://www.concelloroso.com)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.orosos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

CONSIDERANDO que por Resolución de Alcaldía nº 1012/2019 do 09/08/2019 María Fernández Bouzas foi nomeada funcionaria interina para cubrir unha praza de administrativa adscrita ao departamenteo de urbanismo.

TENDO EN CONTA as competencias atribuídas ao alcalde-presidente polo artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e concordantes coa Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Proceder ao chamamento sucesivo dos seguintes aspirantes por orde de lista da bolsa de emprego aprobada por Resolución de alcaldía nº 855/2018 do 17/08/2018 para cubrir, en réxime de interinidade, a praza da funcionaria de carreira dona Ana M<sup>a</sup> Carnota Jarazo, pertencente á Escala de Administración Especial, subescala administrativa, posto de administrativo, encargado do negociado de rexistro, información e atención cidadá do Concello de Oroso, ata que se incorpore da súa baixa médica., debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista se houbera. No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá presentar a documentación relacionada na base 11<sup>a</sup>, se non o fixera anteriormente, no prazo indicado na citada base:

POSICIÓN	NOME	APELIDOS
3 <sup>a</sup>	ANA	CALVO LÓPEZ
4 <sup>a</sup>	MARIÑA	POSE GARCÍA
5 <sup>a</sup>	ZITA	LÓPEZ TEIJEIRO

**SEGUNDO.** Publicar este acordo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Oroso.

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldía-Presidentencia, do que eu, como Secretario, dou fe.

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concelloroso.com

[www.oros.es](http://www.oros.es) | [www.concelloroso.com](http://www.concelloroso.com)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.oros.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.